

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 10 de outubro de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas do día 10 de outubro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, está presente a deputada *Paula Bouzós Barros* e o deputado *Marcos Guisasola Padín*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35669.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 3 de outubro de 2025.

2. 35670.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS PARA O ANO 2025. (EXPTE.2025002933)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 02/05/2025 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela para o ano 2025 por importe de 550.000,00 €.

Segundo.- Con data 08/05/2025 procédese á publicación das bases anteriormente sinaladas no BOPPO (núm. 86), establecéndose un prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación de solicitudes.



Terceiro.- Con data 02/09/2025 a xefatura do servizo de Deportes emite informe proposta ao respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de entidades beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas e trala reunión da comisión de avaliación nomeada ao efecto na mesma data.

Cuarto.- Con data 02/09/2025 a xefatura do servizo de Deportes formula a proposta de resolución provisional das subvencións obxecto do presente procedemento e publicada con data 02/09/2025. Por outra banda, con data 23/09/25 efectúase a proposta de resolución definitiva.

Quinto.- En data 23/09/2025 fiscalízase de xeito favorable o expediente pola Intervención da Deputación.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no caso de tratarse de Asociacións, artigo 232.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión por importe de 550.000,00 € das 48 solicitudes para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participen en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela para o ano 2025 e que figura na relación que se achega cos seguintes CSV:

- MODALIDADE VELA. CSV: W85J8GMB701AWGUC
- MODALIDADE REMO. CSV: NT45CCMUZTABWZPF
- MODALIDADE PIRAGÜISMO. CSV: N4U0VNB1QUTGB1F7

Segundo.- Excluir deste programa un total de 3 solicitudes: 1 presenta desestimento da solicitude, 1 non encaixa nas bases “Primeira. Obxecto” e “Sétima. Gastos subvencionables” (A solicitude é para compra de material inventariable) e 1 non cumpre a base “Terceira. Entidades beneficiarias”. (Axuda pendente de xustificar no mesmo programa no ano 2024) que se achega co seguinte CSV: 9U36ZC4I6XCI706O

SUBVENCIONES CONCEDIDAS
Modalidade de Piragüismo

Cód. expediente	Entidade	Obxecto subvención	Importe asignado	Concello
2025038747	CLUB NAUTICO UMIA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	3.733,78 €	Caldas de Reis
2025038745	CLUB PIRAGUISMO CAMBADOS	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	8.033,66 €	Cambados
2025034058	CLUB DE MAR RIA DE ALDAN	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	18.880,00 €	Cangas
2025037326	CLUB PIRAGÜISMO ALDAN	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	2.342,72 €	Cangas
2025035142	CLUB AS TORRES	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	17.068,08 €	Catoira



2025040452	CLUB MARÍTIMO DEPORTIVO E CULTURAL BREGAN DO GROVE	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	19.915,60 €	Grove, O
2025035644	CLUB PIRAGUISMO ILLA DE AROUSA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	11.326,01 €	Illa de Arousa, A
2025034056	CLUB MARÍTIMO TAMBO DE MARIN	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	960,00 €	Marín
2025035684	CLUB TEA DE MONDARIZ BALNEARIO	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NANUTICO (PIRAGÜISMO)	10.199,87 €	Mondariz- Balneario
2025039319	CLUB ESCOLA DE PIRAGUISMO POIO	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	10.583,28 €	Poio
2025040336	CLUB NAUTICO PONTECESURES	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	19.358,81 €	Pontecesur es
2025035146	ESCUELA DE PIRAGUISMO CIUDAD DE PONTEVEDRA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	25.000,00 €	Pontevedra
2025035645	CLUB RIO VERDUGO PONTEVEDRA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	8.006,01 €	Pontevedra
2025040329	CLUB NAVAL DE PONTEVEDRA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	18.272,87 €	Pontevedra
2025037325	CLUB NAUTICO O MUIÑO RIBADUMIA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	12.000,00 €	Ribadumia
2025042688	PIRAGUISMO PORTONOVÓ	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	17.401,78 €	Sanxenxo
2025042112	CLUB DEPORTIVO MIÑO	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	7.160,00 €	Tomíño
2025035140	C.KAYAK TUDENSE	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	25.000,00 €	Tui



2025034061	CLUB PIRAGUISMO PENEDO	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	5.796,00 €	Tui
2025035144	CLUB KAYAK VIGO	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	19.001,87 €	Vigo
2025041057	BOUZAS CAIAC	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	1.539,13 €	Vigo
2025040451	CLUB DE PIRAGÜISMO OLÍVICO	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	15.076,80 €	Vigo
2025035148	CLUB NAUTICO COBRES	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	14.600,00 €	Vilaboa
2025040375	CLUB PIRAGUISMO VILABOA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	8.270,40 €	Vilaboa
2025042117	CLUB PIRAGÜISMO VILAGARCIA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	5.473,33 €	Vilagarcía de Arousa
			305.000,00 €	

Modalidade de Remo

Cód. expediente	Entidade	Obxecto subvención	Importe asignado	Concello
2025034064	CLUB DO MAR BUEU	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	14.180,80 €	Bueu
2025038098	CLUB DE REMO VILA DE CANGAS	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	11.349,38 €	Cangas
2025042115	CLUB DE REMO MECOS DO GROVE	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	13.253,31 €	Grove, O
2025042113	CLUB DE REMO ROBALEIRA-LA GUARDIA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	7.397,53 €	Guarda, A
2025042116	CLUB DE REMO RIA DE MARIN	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	10.924,00 €	Marín



2025042111	SOCIEDAD DEPORTIVA SAMERTOLAMEU	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	21.772,77 €	Moaña
2025038104	S D TIRAN	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	22.501,07 €	Moaña
2025034050	CIRCULO CULTURAL RECREATIVO DE CESANTES	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	8.407,48 €	Redondela
2025041503	CLUB DE REMO CHAPELA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	25.000,00 €	Redondela
2025035683	CLUB DE REMO DE TUI	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	5.424,76 €	Tui
2025038099	CLUB REMO DO MIÑO	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	9.574,07 €	Tui
2025040450	CLUB DE REMO VILAXOAN	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	5.214,83 €	Vilagarcía de Arousa
			155.000,00 €	

Modalidade de Vela

Cód. expediente	Entidade	Obxecto subvención	Importe asignado	Concello
2025042241	MONTE REAL CLUB DE YATES DE BAIONA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (VELA)	17.452,16 €	Baiona
2025040333	CLUB NAUTICO DE CANGAS	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (VELA)	11.290,27 €	Cangas
2025038823	ASOCIACION PAPAVENTOS KITE CLUB	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (VELA)	2.399,81 €	Illa de Arousa, A
2025034068	REAL CLUB DE MAR DE AGUETE	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (VELA)	6.834,19 €	Marín



2025034053	CLUB NÁUTICO DE PORTONOVO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (VELA)	231,14 €	Sanxenxo
2025041006	REAL CLUB NAUTICO DE SANXENXO	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (VELA)	11.077,52 €	Sanxenxo
2025034051	CLUB MARÍTIMO DE CANIDO	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (VELA)	12.350,18 €	Vigo
2025035643	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (VELA)	25.000,00 €	Vigo
2025041621	ASOCIACION DE BARCOS CLASICOS DE VELA LIXEIRA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (VELA)	678,70 €	Vigo
2025038097	AGRUPACION DEPORTIVA SODIM	COMPETICION FEDERADA DE MABITO NAUTICO (VELA)	851,76 €	Vigo
2025042154	REAL CLUB DE REGATAS	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (VELA)	1.834,27 €	Vilagarcía de Arousa
			90.000,00 €	

SUBVENCIONES NON CONCEDIDAS

Cód. expediente	Entidade	Motivo
2025042347	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA MAR DE O GROVE	EXCLUÍDA. NON ENCAIXA EN BASES
2025041058	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	EXCLUÍDA. BASE TERCEIRA (AXUDA PENDENTE DE XUSTIFICAR NO MESMO PROGRAMA NO ANO 2024)
2025041501	CLUB NAUTICO INCLUSIVO BAIXO MIÑO	DESESTIMENTO DA SOLICITUDE



3.35671.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA
A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO B E C PARA
A MAQUINARIA E OS CENTROS DESTA DEPUTACIÓN.
(EXPTE.2025013630)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e centros da Deputación de Pontevedra, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 31 de xullo de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 01 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 04 de setembro de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobre “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 18 de setembro de 2025, acordou clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do Lote 1 do contrato a favor da empresa Esergui Disteser SL (CIF: B95799664) e do Lote 2 á empresa Carbuiberia Energías SLU (CIF: B36851616) polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2025007646, de 22/09/2025 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Esergui Disteser SL (CIF: B95799664) e a empresa Carbuiberia Energías SLU (CIF: B36851616) que presentan a mellor oferta para o lote 1 e lote 2 respectivamente, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A empresa Esergui Disteser SL (CIF: B95799664) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025067561 de data 29/09/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 876,88€ (carta de pago núm. operación 12025000177158, do 01/10/2025).

A empresa Carbuiberia Energías SLU (CIF: B36851616) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025068572, de data 02/10/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.893,75€ (carta de pago núm. operación 12025000177962, do 02/10/2025).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de *Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra* ás seguintes empresas, polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

Lote 1 (Gasóleo clase B): Esergui Disteser S.L. (NIF: B-95799664)

- Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo: 12,50%

Lote 2 (Gasóleo clase C): Carbuiberia Energías SLU (CIF: B36851616)

- Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo: 6,11%

O prazo de duración do contrato é dun ano desde a data sinalada no documento de formalización do contrato, establecéndose a posibilidade de tres prórrogas cunha duración máxima dunha anualidade cada unha delas.



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

LOTE 1	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios LOTE 1 (con IVE)	Importe total incremento número unidades LOTE 1 (con IVE)
2025 (2 meses)	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	278,30 €	27,83 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	278,30 €	27,83 €
	FINCA MOURISCADÉ	410.4120.221.03	2.435,13 €	243,51 €
	COOPERACIÓN	942.4330.221.03	81,17 €	8,12 €
	ARQUITECTURA	920.9200.221.03	463,83 €	46,38 €
2026 (10 meses)	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	1.391,50 €	139,15 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	1.391,50 €	139,15 €
	FINCA MOURISCADÉ	410.4120.221.03	12.175,63 €	1.217,56 €
	COOPERACIÓN	942.4330.221.03	405,85 €	40,59 €
	ARQUITECTURA	920.9200.221.03	2.319,17 €	231,92 €

LOTE 2	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios Lote 2 (con IVE)	Importe total incremento número unidades Lote 2 (con IVE)
2025 (2 meses)	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	1.527,63 €	152,76 €
	PAZO PROVINCIAL	920.9200.221.03	3.666,30 €	366,63 €
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		2.444,20 €	244,42 €
2026 (10 meses)	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	7.638,13 €	763,81 €
	PAZO PROVINCIAL	920.9200.221.03	18.331,50 €	1.833,15 €
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		12.221,00 €	1.222,10 €

No obstante, as obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria. A adxudicación farase en base aos prezos unitarios.



Os importes da anualidade 2026 quedarán condicionados á aprobación do correspondente orzamento provincial e á existencia de crédito axeitado e suficiente nas referidas aplicacións orzamentarias.

O citado financiamento reaxustarase no momento da formalización do contrato conforme ao exercicio orzamentario anual.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento de cada unha das reposición realizarase contra a presentación da correspondente factura, unha vez conformada pola Xefatura do Centro xestor da aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto, e sempre tras a sinatura do correspondente albarán. En cada factura deberase facer referencia ao prezo recollido no Boletín Petrolero de aplicación vixente a semana que corresponda á data de cada subministración, debendo incluír a porcentaxe de desconto proposta pola empresa adxudicataria, así como todos os gastos fiscais propios desta subministración, e a contía correspondente ao IVE, que se incluírá como partida independente.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2025013630	
Órgano xestor:	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135	
– LA0006124 Arquitectura					
– LA0006121 Estación Fitopatolóxica de Areiro					
– LA0006120 Finca Mouriscade					
– LA0006138 Cooperación					
– LA0006119 Medio Ambiente					

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Responsable do contrato:

LOTE 1:

- Finca Mouriscade e Finca Soutomaior: Xefatura de Medio Ambiente.
- E. F. Areeiro: Xefatura do Servizo de E.F. Areeiro.
- Cooperación: Xefatura do Servizo de Cooperación.
- Pazo Provincial e Edificio Administrativo: Xefatura do Servizo de Arquitectura.

LOTE 2:

- E. F. Areeiro: Xefatura do Servizo de E.F. Areeiro.
- Pazo Provincial e Edificio Administrativo: Xefatura do Servizo de Arquitectura.

2.- As empresas adxudicatarias deberán formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlles ás empresas seleccionadas para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que reciben o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

4.35672.- ADMISIÓN DA EMPRESA EBOS RAMON AGOLADA, S.L., NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2023051458)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 1 de decembro de 2023, aprobou o expediente para a implantación dun Sistema Dinámico de Adquisición (SDA) de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación foi enviado á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de decembro de 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego. Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.



Na sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, a Xunta de Goberno acordou admitir as seguintes empresas nas distintas categorías do sistema dinámico:

Categoría I: Vestiario laboral e equipos de protección individual.

- Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884)
- Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474)
- Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (NIF: B36916377)
- Costa Oeste del Atlantico, S.L. (NIF: B36946002)
- Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988)
- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
- Peycar Pontevedra, S.L. (NIF: B36112043)
- Rafitextil Dtt 3.8 Sl (NIF: B14546980)
- Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539)
- Würth España, S.A. (NIF: A08472276)
- Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741)
- Gsi Dotacion Industrial, S.L. (NIF: B36352235)
- Suministros Industriales Incomer Sl (NIF: B87442570)

Categoría II: Uniformidades e complementos

- Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884)
- Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474)
- Costa Oeste del Atlantico, S.L. (NIF: B36946002)
- Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988)
- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
- Rafitextil Dtt 3.8 Sl (NIF: B14546980)
- Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539)
- Suministros Industriales Incomer SL (NIF: B87442570)

A Xunta de Goberno declarou o abandono do SDA das seguintes empresas:

- Na sesión do día 21 de xuño de 2024:
 - Ankara City Tres, S. L. (NIF: B85679884)
 - Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (NIF: B36916377)
 - Costa Oeste del Atlántico, S.L. (NIF: B36946002)
 - Würth España, S.A. (NIF: A08472276)



- Na sesión do día 06 de setembro de 2024:
 - Blinker, S.A.U. (NIF: A03813474)
 - Dress-Work, S.L.U. (NIF: B97359988)
 - Rafitextil Dtt 3.8 SL (NIF: B14546980)
 - Suministros Industriales Incomer SL (NIF: B87442570)
- Na sesión do día 02 de maio de 2025:
 - Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741)
- Na sesión do 30 de maio de 2025:
 - Suministros Punto Fijo S.L. (NIF: B27815539)

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporación no sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Tendo en conta o anterior, a mesa de Contratación, na reunión celebrada día 2 de outubro de 2025, procedeu á avaliación da candidatura presentada novamente pola empresa Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741), e acordou seleccionar á citada empresa por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma na categoría I do Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir á empresa *Ebos Ramon Agolada S.L.* (NIF: B27469741) na Categoría I (Vestiario laboral e equipos de protección individual) do Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra.
2. A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.
Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.
3. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizado o contrato de adhesión.
A data de comezo indicárase no documento de formalización e estará en vigor ata o 31 de marzo de 2026.



Unha vez aceptada a proposta anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I: Vestiario laboral e equipos de protección individual.

- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
- Peycar Pontevedra, S.L. (NIF: B36112043)
- Gsi Dotacion Industrial, S.L. (NIF: B36352235)
- Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741)

Categoría II: Uniformidades e complementos

- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)

5.35673.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DUN SEGURO
A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA AS COLECCIÓN DE
OBRAS DE ARTE DESTA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2025063909)

Resultando.- Que a actual concepción da actividade administrativa, nun sentido amplo, fai preciso a contratación de seguros co fin de satisfacer as necesidades das Administracións respecto da cobertura de distintos riscos da propiedade ou outro interese asegurable sobre os seus bens mobles e inmoables.

Entre os bens da Deputación de Pontevedra figura a colección de obras de arte do Museo Provincial, así como as obras de arte que se atopan en diferentes edificios administrativos da Deputación, que deben dispoñer dun seguro para cubrir os riscos de danos e/ou perdas materiais causados por sinistros de incendio, danos por auga, roubo, etc.

Resultando.- Que a transferencia destes riscos a unha compañía de seguros é precisa para conservar o patrimonio da Administración, co fin de prever o resarcimiento económico polos danos que podan sufrir en caso de sinistro.

Resultando.- Que na actualidade, a Deputación ten suscrito un seguro de danos para as coleccións de obras de Arte do Museo provincial e da propia Deputación coa aseguradora Helvetia Cia Suiza Sociedad Anónima De Seguros Y Reaseguros. Dito contrato formalizouse cunha duración de 2 anos, a contar desde o día 1 de xaneiro de 2024 sen posibilidade de prórroga.

En consecuencia en data 31 de decembro 2025 producirase o vencemento do contrato de seguro das obras de arte do Museo de Pontevedra e Deputación, o que motiva a necesidade iniciar un novo procedemento de contratación deste seguro que cubra os riscos e posibles prexuízos económicos sobre as obras de arte en caso de sinistro a partir do 1 de xaneiro de 2026.

Resultando.- Que, en base ao exposto, con data 23 de setembro de 2025, a xefa de xestión do Museo de Pontevedra, co visto e prace do deputado delegado, emite providencia de inicio pola que se propón a contratación dun “seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra”. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.



Resultando.- Que visto que con data 24 de setembro de 2025, a Intervención emite o documentos de retención de crédito RC_FUT número 12025000173416, polo importe de 100.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/333.3330.224.01 do orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 25 de setembro de 2025, pola xefa de xestión do Museo de Pontevedra, emítese informe complementario, polo que se introducen aclaracións na providencia de inicio (CSV: YW8KAIZ8P1GYPPYE).

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 29 de setembro de 2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 02 de outubro de 2025, e as observacións contidas no mesmo (CSV: Z6TRLGCIFWE0H2P1).

Resultando.- Que visto que, na mesma data, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 02 de outubro de 2025 (CSV: GQV6LX0ZQCJFPHOO), coas seguintes observacións:

“O gasto a executar é imputable ao capítulo 2 do estado de gastos (gasto corrente - anos 2026 e 2027) e supón un incremento de gasto computable no/s exercicio/s no/s que se leva a cabo a execución do gasto afectando á estabilidade no/s mesmo/s. En atención á contía e natureza do gasto (seguros) e ao carácter recorrente do mesmo, se entende incluído nas previsións orzamentarias de gasto corrente a medio prazo, polo que a realización do mesmo non incide na proxección de sustentabilidade económico – financeira desta entidade.”

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 03 de outubro de 2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo) sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Considerando.- Que de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizos os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando.- Que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, dun “seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra”. O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 100.000,00 € (exento de IVE*).

* Ao tratarse dun contrato de seguros, a prestación obxecto dela atópase exenta do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), con base no artigo 20.UN.16ª da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, estando suxeita ao imposto sobre primas de seguro, segundo o teor do disposto no artigo 12.DOUS, da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, polo que se regula o feito imponible do Imposto sobre as Primas de Seguros (IPS).

O valor estimado é de 200.000,00 €

O prazo de duración do contrato será de (1) un ano, a contar desde o 1 de xaneiro de 2026, ou desde a data de formalización do contrato, no caso de que sexa posterior. Contémplanse 1 posible prórroga, cun prazo de duración de 1 ano.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: QKWE0NCI4SOITOD6) e de prescricións técnicas (CSV: AJYTO39UOMEEQ1HE) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 100.000,00 euros, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria do orzamento provincial:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	26/333.3330.224.01	100.000,00 €



Ao tratarse dunha tramitación anticipada, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2026 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato á xefa de xestión do Museo de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

6.35674.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
(EXPTES.2025064683 E 2025065551)

a) Vista a relación de operacións con número 2025064683 (CSV:MQKU5TS2NYGFGZ5L), que contén 7 operacións por un importe de 13.471,45€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	13.566,45€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	95,00 €
Total líquido.....	13.471,45€

b) Vista a relación de operacións con número 2025065551 (CSV: 7Q2XDIHKVDRO939O), que contén 1 operación por un importe de 94,10€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	94,10€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	94,10€



7.35675.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS A LAGOA DE SAN VICENTE DO GROVE, DENTRO DO PROGRAMA “+XUNTAS 2025”. (EXPTE.2024069042)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoién o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 22 de novembro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2025 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 241 de 12 de decembro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 11 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2025. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 60 solicitudes e a exclusión de 52 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación de Mulleres Rurais A Lagoa de San Vicente do Grove (Expediente 2025001551) presenta renuncia ao curso de Conservación de alimentos. Conservas e encurtidos.

Dada a data na que esta asociación presenta a renuncia, non é viable conceder unha acción formativa a outra entidade da lista de agarda por falta de tempo para que poida desenvolver un obradoiro.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2025, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.



Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Quedar enterada da renuncia presentada pola *Asociación de Mulleres Rurais A Lagoa de San Vicente do Grove* (NIF: G36224947) e nº de expediente 2025001551.

8.35676.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN CONCIENCIA GALICIA, DENTRO DO PROGRAMA “+XUNTAS 2025”. (EXPTE.2024069042)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoién o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 22 de novembro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2025 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 241 de 12 de decembro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 11 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2025. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 60 solicitudes e a exclusión de 52 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación Conciencia Galicia (Expediente 2025001235) presenta renuncia ao curso de risoterapia.



Dada a data na que esta asociación presenta a renuncia, non é viable conceder unha acción formativa a outra entidade da lista de agarda por falta de tempo para que poida desenvolver un obradoiro.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das acción formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2025, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Quedar enterada da renuncia presentada pola *Asociación Conciencia Galicia* (NIF: G06814198) e nº de expediente 2025001235.

9.35677.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NA ESTRADA E.P. 9501 NO CONCELLO DE RIBADUMIA. (EXPTE.2024063190)

Dada conta que con data 16/09/2024 (núm. rex. 2024017437) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Carlos Catoira Franco, por danos en vehículo producidos, segundo manifesta, a consecuencia dun resalto sen pintar e sen sinalizar na estrada provincial E.P. 9501 Ribadumia-A Grenla, no Concello de Ribadumia, o día 07/08/2024, e que cuantificou economicamente en 2.514,99 €.

Resultando.- Que relata o reclamante na súa instancia que ó pasar polo resalto da estrada, o vehículo elevouse e, ó caer novamente sobre o asfalto, os baixos chocaron contra o mesmo, producíndose danos bastante considerables.

Resultando.- Que con data 10/10/2024, e ó efecto de acreditar a lexitimación activa para reclamar, requiriuse ó interesado para que aportara ó expediente os documentos que se relacionan a continuación, sen prexuízo da aportación, na fase de instrución do procedemento, do atestado policial ou de calquera outro medio válido en dereito que permitira constatar a veracidade do relatado:

- Documentación do vehículo e permiso de circulación.
- Certificación, feita pola aseguradora do vehículo, na que deixara constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado por este sinistro.

Resultando.- Que con data 04/11/2024, D. Carlos Catoira Franco remite escrito xunto co que aporta a documentación solicitada e manifesta, ó respecto dos medios de proba, que o accidente foi presenciado polo Sr. Alcalde de Ribadumia, algunhas concelleiras e persoal da Deputación.



Resultando.- Que con data 06/11/2024, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi remitido na data 07/02/2025, co seguinte contido:

Primeiro.- A estrada EP-9501 RIBADUMLA- A GRENLA pertence á rede provincial de estradas.



O accidente tivo lugar no punto quilométrico 0+590 desta estrada provincial.



Segundo.- Este servizo non foi notificado de ningunha incidencia similar polos motivos expostos.

Terceiro.- A estrada foi reasfaltada dentro DO ACORDO MARCO DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (LOTE 3) adxudicado a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (CIF B36258861) con nº de expediente 2023036794.

A empresa estaba a traballar nesas datas no treito sinalado.

Cuarto.- Datos importantes a ter en conta:

- *A estrada EP 9501 RIBADUMILA - GRENLA ten unha lonxitude de 2.000 quilómetros. A súa intensidade de tráfico diaria segundo os datos publicados no Plan de aforos da Rede de estradas provincial do ano 2023 de la provincia é de 2.123 vehículos ao día.*
- *Non houbo máis incidentes ese día a pesar do numeroso tráfico que pasa pola vía, que aumenta notablemente no período estival pola proximidade das diferentes ofertas de ocio no entorno dese punto da estrada.*



- *Trátase dun treito en recta con boa visibilidade.*



- O parte meteorolóxico dese día recollen que en Ribadumia, o ceo estivo maiormente despechado durante todo o día, con algunhas nubes altas na mañá. A temperatura máxima alcanzou os 29°C na tarde, polo foi un día cálido e asollado, sen precipitacións.

Quinto.- O día 7 de agosto, programouse unha visita ao Concello de Ribadumia para supervisar as obras que se estaban a executar por parte da deputada ISABEL COUSELO e o deputados JAVIER TOURÍS.

A visita convocouse as 12.30 do día 07 de agosto as 12.30 horas no punto quilométrico 0+800 da EP-9501 RIBADUMIA GRENLA.

Bo día,

Pola presente se informa, a efectos de inclusión na axenda da Deputación, a visita da Deputada de Infraestruturas Públicas Mobilidade e Contratación Isabel Couselo e o Deputado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos e Estación Fitopatolóxica de Areeiro, Javier Tourís, ás seguintes obras:

CONCELLO	CONTRATO	ACTUACIÓN	HORA	DATA	UBICACIÓN
Ribadumia	Acordo marco reposición de firmes Lote 3	EP 9501 RIBADUMIA-GRENLA (P.Q. 0+800)	12:30	07/08/2024	EP 9501 PQ 0+800 GOOGLE MAPS
Vilanova de Arousa	Acordo marco reposición de firmes Lote 3	EP 9703 VILANOVA-PONTEARNELAS (P.Q. 3+900)	13:30	07/08/2024	EP 9703 PQ 3+900 GOOGLE MAPS

Un saúdo.

Así quedou recollido na prensa do día posterior.

La Diputación ejecuta mejoras en el firme de viales provinciales de Vilanova y Ribadumia

REDACCIÓN VILANOVA

La diputada de Infraestructuras Públicas, Isabel Couselo, y el diputado de Equipaciones Públicas, Javier Tourís, supervisaron ayer en Ribadumia y Vilanova dos actuaciones en ejecución dentro del acuerdo marco de obras de conservación de firmes en la red viaria provincial, que tienen un coste estimado de 72.000 euros.

En el caso de Ribadumia, estuvieron acompañados por el alcalde, David Castro, y son obras en un tramo de 410 metros en

la EP-9501 Ribadumia-A Grenla con un gasto de 30.000 euros. Pero Couselo indicó que dentro del acuerdo se incluyen otras dos actuaciones, concretamente en la EP-9511 Cabanelas-Ponte Arnelas y en la EP-9505 Ramal de la Iglesia de Barrantes, lo que supondrá una inversión total de 90.000 euros en esta villa.

Respecto a Vilanova, la Diputación está ejecutando trabajos de conservación en la EP-9703 Vilanova-Pontearnelas con un coste estimado de 42.000 euros, aunque esta actuación también incluye las reparaciones reali-

zadas en el tramo de la carretera habilitado mientras se estaba construyendo el nuevo puente de Santa Marta. En el acuerdo marco también figuran la EP-9005 Corvillón-Tremoeiro y la EP-9701 Baión-András, con una inyección total de 110.000 euros.

Fuentes provinciales explicaron que los trabajos del acuerdo marco consisten en operaciones comunes y localizadas de conservación que permiten corregir el estado del pavimento con degradaciones. Está dotado de 4,4 millones de euros para toda la provincia. ●



Durante o transcurso da visita a obra, coincidindo coa hora sinalada na reclamación, os presentes fomos testemuñas dun incidente similar ao motivo da reclamación.

Os asistentes podemos comprobar que a obra estaba correctamente sinalizada, e o coche implicado circulaba inadecuadamente a unha velocidade moi superior á regulamentaria.

A maquinaria atopábase en plena execución dos traballos de asfaltado, cumprindo os principios de advertencia ao usuario e ordenación da circulación, fundamentais para garantir a seguridade viaria da vía.

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que xunto co mesmo, remítese informe visita de inspección do vixiante Manuel Fariña no que se recolle o seguinte:

1. *Consultados os feitos, comprobouse que a estrada foi reasfaltada no Programa de proxectos de firmes uns días antes pola empresa E.C. Casas e que, como se espera sobre dous días para o pintado, colocan a correspondente sinal de obras provisional tipo TP-15ª.*
2. *No punto da reclamación existe un P.P.S. que, a pesar de estar sen pintar pola proximidade do reasfaltado, conta coa correspondente sinalización vertical fixa, consistente en:*
 - *A 250 metros sinal vertical R-301 (50).*
 - *A 50 metros sinal dobre P-20 + R-301 (30).*
 - *A 25 metros sinal P-15 A.*
 - *No comezo do P.P.S. sinal S-13.*
 - *Como se aprecia nas fotos adxuntadas, todas en boas condicións de visibilidade.**Consultado no Rexistro do Concello, non aporta atestado.*







Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- O incidente tivo lugar a plena luz do día, ás 13 horas do 7 de agosto de 2024.
- Trátase dun tramo recto con boa visibilidade.
- Non se tivo coñecemento de ningunha incidencia similar polo motivo exposto.
- A estrada foi reasfaltada dentro do *Acordo marco de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*, adxudicado a Construcciones Fechi, S.L.
- A empresa estaba a traballar nesas datas no treito sinalado.
- A intensidade de tráfico diaria, segundo os datos publicados no Plan de aforos da Rede de estradas provincial do ano 2023, é de 2.123 vehículos ao día.
- Non houbo máis incidentes a pesar do numeroso tráfico que circula pola vía, que aumenta notablemente no período estival pola proximidade das diferentes ofertas de ocio no entorno dese punto da estrada.



- Ese día, o 7 de agosto, programouse unha visita da deputada Isabel Couselo e o deputado Javier Tourís ao Concello de Ribadumia -ás 12:30 h no p.q. 0+800 da estrada E.P. 9501 Ribadumia-Grenla- para supervisar as obras que se estaban a executar.
- Durante o transcurso da visita á obra, coincidindo coa hora sinalada na reclamación, os presentes foron testemuñas dun incidente similar ao motivo da reclamación.
- Os asistentes puideron comprobar que a obra estaba correctamente sinalizada, e o coche implicado circulaba inadecuadamente a unha velocidade moi superior á regulamentaria.
- A maquinaria atopábase en plena execución dos traballos de asfaltado, cumprindo os principios de advertencia ao usuario e ordenación da circulación, fundamentais para garantir a seguridade viaria da vía.
- Tras o reasfaltado, colocouse un sinal P-15 A (perigo resalto obras) a 25 metros durante os dous días de espera para o pintado da vía.
- No punto da reclamación existe un paso de peóns sobreelevado que, a pesares de estar sen pintar pola proximidade do reasfaltado, conta coa correspondente sinalización vertical fixa, consistente en:
 - A 250 metros, sinal vertical R-301 (limitación de velocidade a 50km/h).
 - A 50 metros, sinal dobre P-20 Perigo pola presenza dun paso de peóns + R-301 (limitación de velocidade a 30 km /h).
 - A 25 metros sinal P-15 A Perigo resalto obras.
 - No comezo do paso de peóns sobreelevado, sinal S-13.

Como se aprecia nas fotos adxuntadas, todas en boas condicións de visibilidade.

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa, a pesares do numeroso tráfico que circula por esa vía.

Considerando.- Que o artigo 132.1 do R.d. 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación establece o seguinte:

“...Todos los usuarios de las vías objeto de la Ley están obligados a obedecer las señales de la circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”

Considerando.- Que a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”



En idénticos termos se expresa o xa citado R.d. 1428/2003, que no seu articulado recolle o seguinte:

Artigo 3.1 “...*Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...*”

Considerando.- Que os danos reclamados teñen a súa orixe no comportamento exclusivo do condutor do vehículo, que ante a presenza de obras na calzada, debidamente sinalizadas, así como a sinalización fixa da vía, debeu extremar a precaución, sendo testemuñas do acontecido persoal desta Deputación que acudiu á visita da obra, os cales puideron comprobar que o vehículo circulaba de forma inadecuada e a velocidade moi superior á regulamentaria, o que impide a declaración de responsabilidade que se pretende respecto da Administración Pública, e que debe conducir á desestimación da reclamación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

10.35678.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADAS POR DANOS MATERIAIS E PREXUÍZOS POR ACCIDENTE DE CIRCULACIÓN NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. (EXPT.2024072527)

Dada conta que con data de rexistro 08/11/2024 (rex. núm. WEB2024068784), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Gumersindo Paz Rey en representación de MGS Seguros, S.A. por danos en vehículo e gastos de asistencia sanitaria, derivados do accidente de circulación consistente en saída de vía e colisión contra a bionda metálica que a delimita, a consecuencia da manobra evasiva realizada polo condutor do vehículo asegurado, ante a presenza dunha rama de árbore na calzada da estrada provincial E.P. 0018, no Concello de Pontevedra, o día 12/11/2023, e que foi cuantificada economicamente en 2.854,91 €.

Resultando.- Que con data 12/11/2024 (núm. rex. 2024020759), recibíuse instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.^a Esperanza Calzado Solleiro, polos mesmos feitos e causa de pedir, reclamando polas lesións padecidas e gastos de transporte e de farmacia, sen cuantificar economicamente os mesmos.



Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº 2024009587, de data 16/12/2024, e en virtude do disposto no artigo 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, decretoúse a acumulación dos procedementos de responsabilidade patrimonial ó gardaren ambas solicitudes identidade de razón por tratarse do mesmo sinistro, reclamando a entidade aseguradora MGS o importe desembolsado por esta en concepto de reparación dos danos no vehículo, e D.^a Esperanza Calzado Solleiro o importe correspondente ós días de baixa e gastos de farmacia, de transporte e de fisioterapia derivados do accidente do vehículo no que viaxaba como copiloto.

Resultando.- Que con data 18/12/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, que o emitiu na data 17/02/2025, co seguinte contido literal:

Primeiro.- A estrada EP 0018 XEVE-AMIL-ESPEDREGUEIRA pertence á rede provincial de estradas. Esta estrada ten unha lonxitude total de 17.900 ml.



O accidente tivo lugar no punto quilométrico 5+870 (marxe esquerda) desta estrada provincial.







Segundo.- Dende o ano 2023, nesa estrada provincial so tivemos unha incidencia similar nun punto moi afastado da zona sinalada.

Nº de Parte	2024	61	Registro	17/01/2024	21:03	05413	PONTEVEDRA	Centro	
			Comunicado	17/01/2024	21:06	05413	Xeve - Amil - Espedregueira		14.0
			Finalizado	18/01/2024	01:10	01128	Padín		
			Comunica	112 - SOS GALICIA					
			Notas	Pecha o parte 65					
			Incidencia	Arbore caída					

Finalizado

Este servizo foi notificado ás 23:26 horas do 12 de novembro do ano 2023, por parte do 112-SOS GALICIA, por “resto de accidente”. A brigada de conservación e mantemento responsable acude ao lugar para atender a incidencia (achégase o parte de vías e obras).



Parte de Vías e Obras

Ano Parte Finalizado

Datos Rexistro

Data

Comunica

Incidencia

Concello Estrada

Ubicación K.M.

Brigada Zona

Seguimento

	12/11/2023	23:30	Alberto	Horas Normal	0	Minutos	0
Comunicado							
Finalizado	13/11/2023	02:40	Alberto	Horas Extra	3		10

Notas

Categoría Apellido1 Apellido2 Nome Plantilla

Capataz	Riveiro	Chacón	Roberto	01713
Peón	Acuña	Barros	Sergio	033334
Peón	Corbacho	Reboredo	José	016531
Peón	Torres	Mascato	David	05230

Terceiro.- O tempo de resposta segundo o capataz responsable da conservación da estrada provincial que acudiu a cubrir o incidente, o “tempo de resposta” da brigada responsable estímase en 40 minutos aproximadamente.

Cando chegaron ao lugar do accidente comprobaron que a pola (non árbore) fora retirada a unha marxe da estrada pola garda civil. Tratábase dunha pola verdeen bo estado.

No seu informe sinalan o seguinte:

“A LA LLEGADA DE LOS AGENTES SE OBSERVA LA RAMA SITUADA EN LA PARTE DERECHA DEL CARRIL”.

Cuarto.- Segundo o persoal presente no incidente a citada árbore procedía dunha propiedade privada. O dominio público nese punto quilométrico atópase despejado de árbores.





Quinto.- FRECUENCIA NA REVISIÓN PERIÓDICA DA ESTRADA PROVINCIAL:

- *Recorrido vixiante de zona: mínimo unha vez cada 15 días*
- *Recorrido brigada responsable: unha vez cada semana*

O vixiante de estradas responsable da zona, Manuel Mongán Rey, afirma que recorren a estrada o luns 6 de novembro previo ao accidente.


*María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro*

Resultando.- Que con data 20/02/2025, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais remite informe complementario -acompañado de certificación catastral da parcela da que procedía a árbore- co seguinte contido:

Primeiro.- A citada árbore procedía dunha propiedade privada. Os datos da parcela son os seguintes:

GOBIERNO DE ESPAÑA		VICEPRESIDENCIA PRIMERA DEL GOBIERNO		SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA	
MINISTERIO DE HACIENDA		DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO			
CERTIFICACIÓN CATASTRAL DESCRIPTIVA Y GRÁFICA					
Referencia catastral: 36900A256000610000LD					
DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE					
Localización: Polígono 256 Parcela 61 LOUREIRIÑO. PONTEVEDRA [PONTEVEDRA]					
Clase: Rústico				Valor catastral: [2025]: 104,11 €	
Uso principal: Agrario				Valor catastral suelo: 104,11 €	
				Valor catastral construcción: 0,00 €	
Titularidad:					
Apellidos Nombre / Razón social		NIF/NIE	Derecho	Domicilio	
ARQIBAY FONTAN MANUEL [HEREDEROS DE]		35231766K	100,00% de propiedad	AV FDEZ LADREDA ED SOL 1 PI 01 PLB 36003 PONTEVEDRA [PONTEVEDRA]	
Cultivo					
Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	IP	Superficie m²	Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento
0	EU Eucaliptus	02	1,328		





María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que á vista dos datos contidos na certificación catastral, con data 28/02/2025, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ós herdeiros de D. Manuel Argibay Fontán, propietarios da parcela da que procedía a árbore, un prazo de dez días para que puideran comparecer como interesados e realizar as alegacións que tiveran por convenientes.

Resultando.- Que con data 14/03/2025, D. Dominique Argibay Silva, fillo de D. Manuel Argibay Fontán, presenta escrito de alegacións co seguinte contido:

1. *En primeiro lugar pomos de manifesto a indefensión que nos causa a demora en ter coñecemento do accidente ocorrido o 12-11-2023; seguramente non ten responsabilidade niso a Deputación, pero o certo é que a demora está aí. Vai alá un ano e catro meses. A estas alturas non queda rastro da pola, nin outros vestixios que podían axudar no seu día a localizar a orixe da pola, pero agora é imposible.*

Se a esta demora lle unimos o feito de que non consta por ningunha parte a que especie arbórea pertence a pola, a indefensión aínda se agrava máis se cabe. O único que lemos na comunicación é, que segundo a brigada da Deputación, trataríase dunha pola verde en bo estado. Destes datos o único que se pode tirar e que tratándose dunha pola verde en bo estado, non parece lóxico que se desprendera dunha árbore por si soa. Pero, con independencia diso o certo é que non consta a especie arbórea á que podía pertencer a pola (piñeiro, carballo, xesta, eucalipto....?).

Polo demais tampouco figura información relativa a posible separación da pola dunha árbore (foi cortada con macha ou similar, foi serrada...?).

2. *Por outra parte, polo que se desprende do atestado da Garda Civil a pola debía estar na estrada, pero bastante antes da bionda metálica. Pois, segundo informan o condutor ao ver a pola desvriouse para a marxe dereita da calzada para esquivar o obstáculo, saíndo da vía máis adiante e impactando coa bionda. Así que tendo en conta estas circunstancias a propiedade sinalada na comunicación pola referencia catastral, non puido ter nada que ver co accidente.*

Mantemos isto por canto esa propiedade ten a súa extrema precisamente onde empeza a bionda contra a que impactou o vehículo e esténdese seguindo á citada bionda.



Por outra parte esa propiedade está limpa e ten algúns árbores nos que a día de hoxe non se aprecia anomalía algunha.

Dáse a circunstancia de que antes da bionda e seguramente fronte ó lugar no que presuntamente se atopaba a pola, está situada outra propiedade claramente diferenciada da que pertencen a Manuel Argibay Fontán, fundamentalmente debido ao seu estado de certo abandono (mentres a que figura referenciada catastralmente na comunicación está limpa, non ocorre o mesmo coa outra).

En definitiva, tendo en conta o lugar no que presuntamente se atopaba a pola, de ningunha maneira podía vir da propiedade amentada na comunicación, ao estar a bastante distancia. A pola puido aparecer na estrada como consecuencia dunha actuación humana (desprenderse dun remolque con leña, froito dun acto vandálico ...), ou por desprenderse doutra propiedade, caso de existir un fenómeno atmosférico que propiciase ese lanzamento (no atestado non consta que fixer vento), pero nunca da propiedade que se atopaba fronte a bionda, que é a referida na comunicación.

Por todo o que levamos dito, baixo ningún concepto se pode afirmar que a pola en cuestión chegou a estrada dende a propiedade que foi de Manuel Argibay Fontán.

Resultando.- Que con data 15/07/2025, D.^a Esperanza Calzado Solleiro presenta recurso de reposición contra a desestimación presunta, reiterando os feitos acaecidos, cuantificando economicamente os danos en 1.733,72 € e solicitando a expresa resolución do expediente.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1^a do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- No Informe Estadístico do Destacamento de Pontevedra, recóllese que o firme estaba mollado por estar chovendo nese intre.
- Era de noite e sen luz natural nin artificial.
- O lugar do accidente é un trazado recto e plano con boa visibilidade e marxes caracterizadas pola presenza de árbores; así se reflicte no atestado e nas fotografías do informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



- A descrición do accidente, recollida no atestado é a seguinte: “(...) *Todo ello según manifestación del conductor, una rama de grandes dimensiones en mitad del carril, por lo que realiza una maniobra brusca y pierde el control del vehículo, saliéndose de la vía por el margen derecho y colisionando con la parte frontal derecha al vehículo con una bionda metálica que delimita la vía en el lugar. A la llegada de los agentes se observa la rama situada en la parte derecha del carril*”.
- Asemade, consígnase no atestado como presunto erro do condutor a execución incorrecta ou manobra inadecuada.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, a brigada de conservación e mantemento responsable acudiu ó lugar para atender a incidencia.
- A rama procedía dunha propiedade privada, atopándose o dominio público nese punto despexado de árbores.
- Á vista das fotografías do citado informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, a velocidade estaba limitada a 60 km/hora.
- A revisión da estrada realízase de forma periódica coa seguinte frecuencia:
 - Recorrido vixiante de zona: mínimo unha vez cada 15 días.
 - Recorrido brigada responsable: unha vez cada semana.
- O vixiante responsable da zona percorreu a estrada o luns 6 de novembro previo ao accidente.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía, toda vez que o obxecto da reclamación son os danos ocasionados pola manobra brusca e evasiva realizada polo condutor ó tratar evitar a colisión, o que o leva a perder o control do vehículo, non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que os argumentos esgrimidos, tales como choiva, calzada mollada e con marxes arboradas, e limitación de velocidade a 60 km/hora, son circunstancias todas elas que fan descansar a responsabilidade no condutor do vehículo. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, “*todo conductor está obligado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse*”.



Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada responsable da conservación que acudiu a cubrir o incidente, tardou 40 minutos en chegar ó lugar, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 312/11; 77/12; 68/13; 185/13; 33/17 e 120/17; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 329/10; 45/12; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 125/12; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que a maior abundamento, das sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que se invocaron, cabe resaltar os seguintes parágrafos:

- Da 312/11 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...La misma nada pudo hacer para evitar el daño producido, una vez acreditado en autos que la Administración demandada no había tenido conocimiento previo de esa situación de peligro y por otro, que los estándares de mantenimiento eran los normales para una vía de esta clase...”
- Da 120/2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...La respuesta en relación con la cuestión planteada debe ser negativa ya que no resulta exigible ni a la entidad demandada ni a ninguna otra, un mantenimiento continuo y en breve espacio de tiempo de las carreteras en estado impoluto...”



- Da 74/2009 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Pontevedra:
“...La S.T.S. de 11-2-1987 “la naturaleza del factor causante del accidente (...) y la posibilidad de que se hubiera producido poco antes del siniestro, hace que por muy estricto concepto que se tenga de la función de vigilar (las vías públicas por la Administración titular de las mismas) no quepa imputar a la Administración un incumplimiento o cumplimiento defectuoso de dicho deber, derivado de no eliminar perentoriamente y con urgencia un obstáculo que ha podido aparecer de manera tan repentina como impensable...””.

- Da 74/08 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...Pero es que esa conducción prudente no determina necesariamente que las consecuencias de los daños que sufra se tengan que desplazar a terceras personas, en este caso a la entidad titular de la carretera por la súbita aparición de un cuerpo extraño sobre la calzada que ni ha podido evitar ni ha podido señalar de acuerdo con los parámetros de la conducta diligente que le debe ser racionalmente exigible, de modo que, es conforme con la conciencia social la existencia de un riesgo inherente a la utilización de las vías de circulación, lo que impone un estándar de seguridad en los usuarios que en este caso no ha sido rebasado por la entidad llamada a conservar y mantener la vía pública, de modo que si el “arranque del ilícito” no se ha producido por una actuación administrativa obligada y no atendida dentro de un plazo normalmente exigible de acuerdo con las pautas prudentiales a que se ha hecho referencia, ninguna responsabilidad por ello cabe exigir a la entidad demandada””.

Considerando.- Que as sentenzas 148/2016, 85/2021 e 9/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas 113/2012, 220/2017, 193/2021, 76/2022 e 277/2023, ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, e as sentenzas 213/2012, 197/2022 e 65/2023 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos de Pontevedra, e relativas á caída de árbores na estrada, eximiron de toda responsabilidade a esta Deputación.

Así, a Sentenza 85/2021, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra establece o seguinte:

(...) No consta que el árbol hubiese permanecido un prolongado período de tiempo sobre la calzada. En cuanto la Diputación recibió el primer aviso, procedió en poco tiempo a señalar y limpiar la calzada.

Con la prueba practicada el actor no ha conseguido demostrar que la Diputación provincial haya incurrido en un defectuoso funcionamiento de su servicio público de conservación de la carretera en adecuadas condiciones de seguridad.

El siniestro se produjo o bien por la culpa exclusiva de un tercero (propietarios de la finca colindante que no mantuvieron adecuadamente sus árboles), o bien por causa de fuerza mayor (temporal de lluvia y viento). Pero no por culpa de la Diputación provincial””.

Do mesmo xeito, a Sentenza 197/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o que sigue:

Es por ello por lo que no resulta posible la declaración de responsabilidad patrimonial de la administración pública; así, lamentablemente, y aún asumiendo que los daños materiales asociados al accidente lo fueron a causa de un obstáculo en la vía sin que se hubiera demostrado ninguna responsabilidad en el comportamiento del conductor del vehículo siniestrado en el informe estadístico ARENA emitido por la GC con motivo del accidente ni deducible del resto de la prueba, e incluso asumiendo que



en ese punto dificilmente el tramo, y la presencia del obstáculo sobre él, tenían suficiente visibilidad ya que el siniestro sucede de madrugada sin que el punto en cuestión dispusiera de alumbrado; de todos modos, y a pesar de todo lo expuesto, no estamos ante un caso en que sea posible la declaración de responsabilidad patrimonial de la administración pública demandada en su condición de titular de la vía.

Entiendo que este es uno de esos casos paradigmáticos en que lamentablemente para el reclamante no es posible reconocer que la administración por el mero hecho de ser la titular de la vía y estar obligada a mantenerla en buen estado de conservación vigilando que sirva a su fin de forma segura, pueda declararse responsable en los términos pretendidos porque no se ha conseguido demostrar que tal administración, y su servicio competente, hubiera descuidado, en su comportamiento a la hora de vigilar el tramo, lo que serían sus obligaciones “razonables”, incumpliendo con ello con lo que se viene llamando standares razonables de actuación que cabría exigirle.

Y no se ha demostrado que en el ejercicio de esa obligación o función los servicios competentes a tal fin de la Diputación hubieran actuado fuera de los standares razonables a exigirle como conservadora de la carretera; y tampoco se ha demostrado, por otra parte, que un posible defecto en las raíces o una enfermedad que pudiera padecer el elemento arbóreo que causó el siniestro pudiera deberse, tampoco, a una falta de diligencia de la administración o su adjudicataria, contratista, en detectar ese riesgo porque estamos ante la presencia de un árbol que estaba plantado, además, en una zona privada”.

Considerando.- Que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estableceu un criterio restritivo sobre este tipo de reclamacións (colisións por obxectos ou substancias na calzada), entre outras moitas, nas súas sentenzas de 21/12/2011 (rec. 7109/2011) e 27/10/2011 (rec. 4134/2010). En ditas sentenzas insítese en que:

“La razón determinante del accidente fue una circunstancia ajena al obrar de la Administración con causa en actos ajenos, que nada tiene que ver con el funcionamiento de un servicio público, sin que la obligación de mantener la calzada limpia de objetos extraños sea absoluta, sino en relación a estándares mínimos y no consta acreditado una ausencia o defecto de mantenimiento, siendo la circulación de vehículos una actividad de riesgo que exige una atención en los conductores que les permita observar un elemento obstaculizador perfectamente visible”.

Considerando.- Que a última revisión periódica desa vía realizouse polo vixiante de estradas da Deputación responsable da zona 6 días antes do accidente, o luns 6 de novembro, sen apreciarse ningunha incidencia ou circunstancia anómala.

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle a hipotética responsabilidade ao propietario da parcela lindeira da que procedía a árbore no eido da xurisdición civil e ao abeiro dos artigos 1.902 e 1908.3º do Código Civil:

Artigo 1902 C. C. :

“El que por acción u omisión causa daño a otro, interviniendo culpa o negligencia, está obligado a reparar el daño causado”.



Artigo 1908. 3º do C. C. :

*“Igualmente responderán los propietarios de los daños causados:
Por la caída de árboles colocados en sitios de tránsito, cuando no sea ocasionada por fuerza mayor”.*

Considerando.- Que o artigo 38.5 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, recolle o seguinte:

“Las personas propietarias de los terrenos, construcciones, establecimientos, instalaciones u otros bienes situados en las zonas de protección de las carreteras (...) están obligadas a conservarlos en las debidas condiciones de limpieza y seguridad para que no afecten al adecuado funcionamiento del servicio público viario, y deberán ejecutar las obras y actuaciones necesarias para mantenerlos en las debidas condiciones. Serán responsables de los daños y perjuicios causados por el incumplimiento de esta obligación”.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

11.35681.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

12.35682.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

13.35683.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as doce horas e vinte minutos horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

